

SUPLEMENTO

TURISMO DE OUTES

O Río Tins

Este río é o máis importante do concello, non tanto pola súa lonxitude, igual có Donas, nin polo seu caudal, o maior de todos os que percorren Outes, senón por ser o que articula o seu territorio, pois, ó tempo que fai de eixe que divide simetricamente a superficie municipal, dispoñendo a metade dos seus 100 kms² ó lado dereito e a outra metade, á esquerda, o seu val, como tronco de gran bolboreta, engarza as serras orientais de *Guende, Banzas, Montes da Pena e Pedra Serpal*, coas occidentais da *Vaqueira, Monte do Castelo, altos de Valadares e Arestión* e o *Monte Tremuzo*, despregadas a un e outro lado como ás abertas.

O río, que nace en termos de Mazaricos, onde lle chaman *Río de Santabaia*, xa baixa ben cargado de auga polas barranqueiras de Chacín denantes de recibir o importante aporte acuifero do *Río Denosiño*, que é o que forma a espectacular fervenza de Santa Leocadia, e mailo do *Río do Couto*, tamén chamado *Chacín*, que fai de lindeiro entre o municipio outense e o mazaricano pola parte septentrional de Valadares e S. Lourenzo (onde tén, á súa vez, de afluente ó *Río dos Setemuíños*), de xeito que cando chega a Outes, aínda antes de que se lle xunten o *Río de Lantarou* e o *Río de Outes*, xa se convertiu no máis caudaloso deste concello, sacando o Tambre. Pero ademais arrastra gran cantidade de arxilas, areas, gravas e cantos que vai arrincando das pizarras, xistos, neises, areniscas e cuarcitas que conforman a lingua de rochas metamórficas que penetra desde as terras de Sta. Comba ata o inicio do val do río, polo que este se foi abrindo máis facilmente camiño a través delas ca entre as rochas graníticas, máis duras, que predominan na costa galega. Sedimentos terciarios e cuaternarios que se foron acumulando na depresión da desembocadura para formar a gran marisma da enseada de Langaño.

No seu percorrido de algo máis de 12 kms. por este termo municipal alimenta unha froitosa campiña dividida entre catro parroquias: a de S. Lourenzo de Matasueiro, que atravesa en primeiro lugar, e as de S. Ourense e Sta. María de Entíns, ás cales, ademais de darlle nome, separa da maior das que baña, a de S. Pedro de Outes.

Transita, por este fértil val, o **Río Tins**, cambiando segundo as estacións:

No verán, refulxe a súa superficie espellando os raios de sol que penetran intermitentemente polos innúmeros resquicios que o manto perenne de follas apretadas deixa na bóveda arbórea que cobre o seu palpitante curso e centilean como alfinetes dourados os reflexos de luz no fondo das sombrizas devesas.

No outono interpretan unha sinfonía acuática as pingas da chuva repenicando sobre o cristal da auga, tamborileando nos seixos e arrancando acordes vibrantes ó pulsar as altas herbas, ó tempo que o vento asubía entre as copas.

No longo inverno faise un silencio trémulo ó redor do río para que no aire só resoe o brado paralizante da irrefrenable corrente que, cal besta xurdida dos infindos caborcos de Chacín, pasa ruxindo entre as casas

da Serra para anegar, cada ano o Colexio da Serra, cando non quere exhibir a súa capacidade para humillar ós que esquecen a súa presenza indómita, atravesando, de parte a parte, a Casa da Cultura, como fixo no mesmo ano da súa inauguración.

Na primavera, a sinfonía musical do outono convértese en puro espectáculo de luz, color e son: locen como nunca os verdes prados, sementados de centos de vermello amorados, zungan as redivivas abellas entre as brancas inflorescencias dos sabugueiros, as margaridas, os pampillos amarelos, as púrpuras campaiñas e as violetas, cruzan centelleando, dun tremo a outro, os policromos cabalos do demo, pousan o seu voo crebado de vivos cores as bolboretas nas

acesas mapoulas xurdidas nos confíns das leiras abertas para plantar as patacas, mentres grilos e chicharras de acibeche cantan nos eidos, paxaros multiformes rechouchían entre as xestas floridas, as rosas silvestres abren perfumando o aire, cristaliños mananciais gurgullan por todas partes e deles, sorpresivamente, brincan as ras, quizais observadas polas albinegras garzas que pousaron o seu maxestuoso planear ó pé dun ameneiro de follas verde oliva, dun salgueiro verde esmeralda, un loureiro de color turquesa ou unha bidueira de

cortiza gris pérola que, de socato, branquexan polo repentino lóstrego dunha tormenta producida pola calor abafante de xuño. Volve, tralos trebóns, a calma e toda a marxe do río, que agora flúe quedamente, vibra latexante e énchese de ledicia cando, lenemente, pasan as mozas de Entíns, como anxos revoloteando felices, cantando himnos de amor. Aínda...

"Hai un folgo de vento vido da entraña mesma, crepita nas lilainas, abre-se ao mediodía co seu raio finísimo que se peneira no ámbito e a vida retumba, o equilibrio da saiva percorrendo a súa órbita, os casulos pulando por abrir labaradas ou estrelas nas cúspides da cor"

(AVILÉS DE TARAMANCOS. *Última fuxida a Harar*)

poderíase ler no libro de bronce que, en homenaxe ó poeta noiés, o concello de Outes fixou nunha pedra xunto á Casa da Cultura, ó pé da cereixeira que a súa viúva plantou á beira do río o 17 de maio de 2003, ano no que a R. Academia Galega lle adicou o Día das Letras, 37 anos despois de que a mesma institución fixera o propio co insigne Francisco Añón, pai da literatura galega, a quen Avilés fixera protagonista da obra *Tres Capitáns de Tempos Idos*, que escribiu para os alumnos do Colexio de A Serra.

Ten lugar a desembocadura do **Río Tins** na enseada de Langaño, formada, entre as engaiolantes ribeiras de Vista Alegre e O Cunchido, polo encontro das augas doces deste río, xunto coas do *Río do Rial*, agrandadas coas que derivan do *Río Tambre* e as augas mariñas da ría que sobrepasan a península de S. Cosme para dar lugar a unha ampla marisma de deslumbrante beleza, que no pasado xa foi obxecto de loubanzas, xogando coa tradución inxenua do seu nome ó castelán.

Xoán X. Mariño



Descubrín Outes, descubrín o Sancosmeiro

Cando no mil novecentos noventa e un cheguei por primeira vez a Outes, foi todo un descubrimento para min.

Primeiro o descubrir que Outes era un concello propio, pois como lle pasa á maioría da xente, sempre pensei ao pasar pola Serra de Outes que esta era unha vila doutro concello.

Despois foi descubrir ás súas xentes, entrañables, sinxelas e entregadas, ofrecéndome o seu cariño e respecto.

E co tempo ir descubrindo eses currunchos maravillosos que ten Outes: a súa diversidade de paisaxes, a facilidade coa que pasas da montaña ao mar, as súas fragas frondosas e escarpadas, a súa costa abrupta, a súa praia e as súas marismas.

Tamén, e debido ao meu traballo, as parroquias e aldeas: O Cruceiro de Roo, Lantarou, Outes, San Ourense, Cando, Valadares, Ribademar, Entíns...

Nunca puiden imaxinar ao pasar pola Serra que pertencese a un concello tan amplo, variado e cheo de encanto. Pero así foi.

Así tamén descubrín que o sancosmeiro, o famoso sombreiro de palla, era de alí. Por sempre escoitei e souben que o sancosmeiro, o mal chamado pamela de Noia, era de aí, precisamente de Noia. Mesmo lin nalgún libro que o facían na parroquia de San Cosme (Noia).

Pois ben, a sorpresa foi moi grande, estaba trabucado e coma min moita xente, o sancosmeiro era de Outes e San Cosme era de Outes. Quizais polo interese que espertan en min os sombreiros (xa que me apaixonan dende hai moitos anos e teño unha colección deles de douscentos e pico) decidín descubrir o porqué deste erro e tentar solucionalo.

Eu sabía que o sombreiro era moi antigo, crese que é anterior ao século XVI, onde existen gravados nos que aparece por primeira vez, que aínda se segue usando hoxe en día polas mulleres de toda a bisbarra, para as faenas do campo, pola súa utilidade para protexerse do sol, e de ser forte e duradeiro. A verdade é que os vin moi antigos e vellos, pero aínda en uso. Que se usou moito máis incluso en toda Galicia e sobre todo nas bisbarras adxacentes. Que se convertiu nunha peza típica de Galicia, quizais polo seu deseño sinxelo, fino, belido e que o fai unha peza moi elegante.

Recordo épocas non moi afastadas nas que se puxo de moda na Coruña e as mozas levábano á praia, adornaron manequíns elegantes en escaparates e algún deseñador de moda e nome usouno nos seus desfiles.

Leváronme a San Ourense, que é onde naceu e onde se segue confeccionando e alí algunhas mulleres de avanzada idade que aínda os fan explicáronme:

O sombreiro en si leva consigo un longo proceso de creación, xa que despois da recolección do centeo, hai que separar a palla que vale e de calidade, deixala secar, trenzala en tiras, despois ir cosendo tiras trenzadas entre si para darlle forma, e logo rematalo coa cinta negra que lle dá ese aspecto distinguido e elegante.

Todo este proceso leva o seu tempo e por suposto unha produción limitada, xa que só sairá un número determinado, segundo a palla que se teña. Polo que non se poden facer en calquera momento nin realizar un encargo deles en calquera tempo do ano, só cando é a época de recolección da palla.

O porqué do nome de Sancosmeiro cando o facían en San

Ourense, tíñame intrigado e tamén mo desvelaron: as mulleres de San Ourense e algunha parroquia máis facíanos, levábanos a San Cosme e trocábanos por outros produtos. Os de San Cosme (noutras épocas nas que non había estradas, era o punto de comunicación máis rápido e fácil con Noia, por medio das barcas que cruzaban a ría), levábanos a Noia, onde á súa vez os trocaban de novo por outros produtos e en Noia vendíanos no mercado e nas tendas.

De aí o seu nome de sancosmeiro e de aí que se crese que fose de Noia e incluso que San Cosme fose parroquia de Noia.

Por aquel entón eu daba clase na APA do colexio da Serra e o seu presidente era Manuel Fiuza(Peto), hoxe concelleiro de cultura no concello. Felei con el e propúxenlle que reivindicáramos o sancosmeiro como propio de Outes e así o fixemos. Organizamos un festival folclórico e puxémoslle o nome de Sancosmeiro. Co tempo chegarían a ser de prata e fixéronse normais para todas as actividades do concello.

Teño que recoñecer que me produciu unha gran satisfacción aquel acto, xa que algunhas donas maiores de San Ourense que confeccionaban os sombreiros viñeron, ao acabar, darme as grazas polo recoñecemento. Aínda que tiveron algún problema con algunha xente de Noia, pero iso foi o de menos.

Penso que valeu a pena. Sobre todo descubrir Outes e reivindicar o sancosmeiro.

Quizais tería que descubrir máis aínda e loitar por algúns costumes e oficios que se perden no concello, como a confección das corozas de Xuncos, que non sei se queda alguén que as faga, pero si sei que ata hai moi pouco alguén as facía. O uso dos teares de lá e ata a utilización de lá pura e o seu fiado. Polo menos nas materias que eu coñezo, seguro que noutras hai máis. Haberá que falar co Peto.


Hoxe, despois de dezaoito anos, síntome coma na casa cando estou en Outes e agradezo o cariño e afecto que sempre me demostraron.

Alégrome de descubri-lo.

Graciñas, Outes.

Javier Pato

Profesor de Baile da escola municipal



Apoloxía das Cebolas de San Cosme

Cando, logo do Dioivo Universal, asomou por Monte Louro a Arca de Noé para arribar ao pé do San Lois, onde o Patriarca había de fundar Noia, antes achegouse á Barquiña de S. Cosme, á espera da subida da marea para poder remontar a desembocadura do río Traba ata o Peirao do Marqués. Mentres agardaba a preamar preparou unha sarteñada de peixe e foi daquela cando o vello petrucio bíblico descubriu as virtudes culinarias dos pipións dos Areeiros que acompañou cun viño roxo do país. Despois dun café cunhas pingas de caña branca subiu a Albeida para poder disfrutar por fin da Terra Firme tras 40 días e 40 noites capeando as augas bravas da Marola, as Sisargas e os baixos de Lariño.

Alí, no alto de Rates, sentou nun petouto que desde entón leva o nome de *Pedra da Arca* en honor á nave na que chegaron a Outes vacas, porcós, galiñas, raposos e teixóns. Deseguido, desde o cume do Pedregal, enxergou o Tremuzo, Pedra da Vella, Pedra Serpal, o río Tins, o Tambre e Langaño. Abraiado por tanta beleza natural desta nosa ría, tan diferente ás áridas chairas mesopotámicas de onde el viña, quixo obsequiar a estas terras, que tan agarimosamente o acolleron tras o castigo divino, con algúns froitos que traía consigo desde as lonxanas beiras do río Éufrates que baña a antiga cidade de Ur, da que procedía o venerable ancián e sementou nas leiras de Serantes, Vara e Tabilo algunhas plantas de cebolo que, logo de agromar coas últimas chuvias da primavera, a súa neta Noela levou con ela naquela primeira nao que, marcando o rumbo de tódolos barcos sancosmeiros que habían de vir despois, sulcou a enseada de Barro a tempo para vender na feira de S. Marcos, onde se converteron en elemento primordial para as empanadas que dan sona a Noia, antes de espallarse a toda Galicia para servir de base ás caldeiradas de ollomol, bacallau, rape ou pescada, fabadas, callos e toda caste de guisos, sen esquecer a tortilla de Betanzos, que se diferencia da española precisamente porque leva cebola; e despois a terras traspirenaicas, onde os franceses preparan un *foie gras aux oignons*, os suízos pato á laranxa, os británicos unha *meat pie* e, nos confíns de Europa, os rusos toman ensalada. Para, xa posteriormente, incorporarse á toda a comida universal, alí onde calquera come figado encebollado, sopa de cebolas ou incluso serve de inspiración ao poeta para escribirlle ao seu fillo unha *Nana das cebolas*.

Mais a cebola de S. Cosme é a única de todas cantas hoxe se cultivan que conserva ese hábito que Adán e Eva trouxeron canda eles do Perdido Edén antes de dar orixe ao cerne semítico de Noé, aroma paradisíaco que dá ese gusto entre ácido e sutil aos froitos do mar e da terra e mesmo chega ao sangue do porco cando se coce para facer as morcillas que endozan as nosas sobremesas.

Velaí porque cando un se refire a estas cebolas emana o recendo da terra mollada de cando Deus creou o Cosmos. De aí pode que veña o nome de S. Cosme.

A Historia quizais non o conte así, pero a lenda, abofé que si.

Xan Perillán

Tortilla de Marisco

Ingredientes:

Allo.
Cebola.
Pemento verde.
Tomate pelado.
Xamón tallado en
tacos pequenos.
Vieiras limpas.
Gambas peladas.
Seis patacas
medianas.
Seis ou oito
ovos.
Sal.



Elaboración:

Sofrítese na tixola a cebola, o allo raiado, pemento ben picadiño e o tomate pelado procurando que non se queimen.

Engádesse o xamón e o marisco e déixase facer na tixola uns minutos ata reducir o exceso de auga.

Noutra tixola frítense as patacas con sal en abundante aceite; mentres, nun recipiente, bátense os ovos.

Logo mergúllanse as patacas fritidas e maila mestura de marisco no ovo batido, reméxese ben e pásase de novo pola tixola, agora escorrida de aceite, durante máis ou menos tempo segundo se guste de pasada.

Receita de Pilar Reino

MECANIZADOS Y RECTIFICADOS
(TORNEADO MECÁNICO INDUSTRIAL)
DE PRECIÓN C.A.C. ALLENDE - EL RÍO

DOMINGO

TÉCNICO INDUSTRIAL

ROMERO A.

Fabricación de todo tipo de piezas y maquinarias industriales agrícolas navales automoción

TALLERES DE MECANIZACIÓN Y RECTIFICACIÓN DE PRECISIÓN C.A.C. ALLENDE - EL RÍO. C/ ALLENDE, 10. 28010 MADRID. TEL: 91 850 641 (línea) - 626 250 388 (móvil) - FAX: 91 850 642

C/ ALLENDE, 10. 28010 MADRID. TEL: 91 850 641 (línea) - 626 250 388 (móvil) - FAX: 91 850 642

John Turkey

CERVECERÍA

O Patrimonio Industrial de Outes

A arqueoloxía é un vello instrumento moi útil para coñecer o pasado, e unha indispensable auxiliar da Prehistoria; pero tamén está a ser aplicada dende hai uns cantos anos á investigación dos elementos materiais que vai deixando a civilización industrial, que de tan veloz que se move, transforma o que produce nun día en obxecto obsoleto e museable ao día seguinte. O que a civilización industrial vai deixando tras de si merece ser conservado para podermos dispor de elementos de coñecemento do pasado a fin de observarmos a evolución e o tránsito do tempo dende esa perspectiva (a transformación da cultura material).

Hai anos escribín que era necesario non desbotar moitos dos "ferros vellos" que nos rodean porque de facelo estaríamos tirando, non ao lixo senón ao reciclado, parte da nosa memoria, aquilo que nos permitiría reconstruír o noso pasado e así saber de onde vimos e a que velocidade nos movemos. Non hai que desbotar ningún obxecto de coñecemento, nin do presente pero tampouco do pasado. E temos de darnos de conta que moitos obxectos "vellos" que nos rodean, aínda son imprescindibles, malia que sexa para saber quen somos.

Deste xeito, a arqueoloxía industrial desenvólvese como unha ferramenta (nunca mellor dito) para investigar, localizar, catalogar, conservar e valorar elementos importantes do noso acervo no eido do relacionado coa actividade de transformación que dende hai séculos realizamos nesta Terra.

É probable que para algunhas persoas o concello de Outes puidera non ser considerado, en principio, como un territorio sobranceiro ou destacado ao respecto de dispor dun patrimonio arqueolóxico industrial importante; probablemente os seus pensamentos foran dirixidos cara a outras direccións máis aparentemente evidentes polo seu pasado e a súa maior categoría (núcleos grandes, antigos, con actividade económica ligada á transformación de moito tempo atrás, etc). Mais ás veces enviamos o noso pensamento lonxe, sen ver o que temos máis preto dos nosos ollos.

Outes é unha terra máis ricaz e complexa do que imaxinamos, e non é un lugar común dicir isto. Dende o punto de vista do obxectivo desta contribución, é dicir, introducir o asunto que vai citado como título, creo que Outes dispón de numerosos elementos que debe protexer para así valorar o que ten, conservalo e poder compartilo cos demais.

Primeiramente, Outes dispón dun conxunto magnífico de aserradoiros que nos seus tempos foron movidos polo vapor, do que dá idea a existencia dunhas preciosas e valiosas chemineas das que desgraciadamente cada vez van quedando menos no noso país, que xa nunca tivo moitas. Alomenos, que eu saiba, hai tres fermosas chemineas no concello: dúas delas pertencen a aserradoiros e a outra a uns estaleiros no Freixo. Os aserradoiros son os de Rates, aínda traballando, e o situado tras das instalacións dos talleres da Renault, á saída da Serra cara Muros.

Teño para min que os aserradoiros foron unha peza clave na actividade industrial do concello; Outes dispoñía, e segue a dispor, dun potente sector forestal que fornecía de materia prima a estas instalacións que transformaban e aproveitaban a madeira procedente de piñeiros e outras árbores existentes no concello. Descoñezo se foi un sector moi antigo (probablemente si, aínda que o seu desenvolvemento forte calculo que se debeu producir a partir da I Guerra Mundial). É tamén interesante sinalar a súa localización, na beira do mar, onde as táboas, trancos, taboíñas e demais produtos se embarcaban cara a lonxanos destinos; tamén era frecuente que os trancos baixaran polos ríos despois de formar balsas onde se acumulaba a auga e se aproveitaban as preamares para transportalos ata os aserradoiros; daquela non había tractores, nin camións, nin grúas hidráulicas que axudaran. Moi probablemente tamén, aquela maquinaria impulsábase mediante vapor cando non era a forza humana a que axudaba.

Máis adiante creo que se debeu de producir unha transformación na utilización enerxética para mover as serras circulares, polipastos e toda a outra maquinaria auxiliar destas instalacións; e nalgún momento o vapor mudou a enerxía eléctrica que ben podía provir das hidroeléctricas do Xallas ou do Tambre (lembremos que a primeira funcionaba dende comezos do século XX no concello de Dumbria e a segunda dende finais dos anos 20 na cercana parroquia de Roo). Queda tamén no concello alomenos unha destas instalacións movidas electricamente, na estrada que vai a Pino de Val, se ben nun lamentable estado de conservación; merecería un destino máis digno.

A segunda grande actividade industrial digna de recuperación, valoración e conservación foi a industria da construción naval, fortemente ligada, como non, á actividade madeireira.

Se ben é difícil substraerse ao impacto visual da vella cheminea do estaleiro do Freixo, quedan moitos recunchos na difícil e descoñecida beiramar outense que garda memoria dos sons dos estaleiros cando traballaban armando aquelas fermosas embarcacións de madeira.

Sería por demais traer agora a colación documentos que amosen a importancia dos estaleiros de ribeira do concello de Outes. Dende hai centos de anos que se están a construír, reparar e cargar embarcacións na costa de Outes. E a mellor nova é que esa tradición, esa actividade non se perdeu mesmo nestes tempos de crise económica; nuns tempos máis, noutros menos.

A construción naval en madeira ten unha longuísima tradición na costa galega e a existencia de mestres carpinteiros especializados na realización de embarcacións de distintas características e tamaños en función das necesidades do mandatario (unha construción naval á carta) remóntase á noite

Tinglado en Broña



dos tempos. Homes cunha extraordinaria intuición e capacidade para olfatear as pezas de madeira na forma das árbores; de debuxar a embarcación peza a peza, elemento a elemento; obter todo ese *puzzle* da madeira e despois organizalo e montalo de xeito que o resultado final fora unha embarcación perfecta e sen chata que navegara como se lle pedía.

U-los carpinteiros? U-los medios daquelas creacións únicas, ferramentas, planos, modelos?; U-las imaxes das súas creacións?

Outes ten unha débeda con aqueles profesionais que lle deron un merecido prestixio nun eido tan disputado como a construción naval tradicional.

Pola beira do litoral, pola beiramar outense quedan os restos protexidos polo piedoso manto vexetal, dun modesto pero sobrevivente estaleiro náufrago das circunstancias; atópase na parte do Requeixo e mesmo no seu interior aínda queda o esqueleto madeirento sen rematar dunha embarcación que nunca chegou a ver o mar. Tamén en San Cosme, preto da praia de Broña, á beira do mar, mantense un vello tinglado de madeira onde se construían, reparaban e gardaban embarcacións; outra instalación digna de ser conservada, ou polo menos catalogada.

E ligado ás actividades mariñeiras ou conectadas co mar, hai numerosas testemuñas da modificación polos seres humanos do seu entorno natural, concretamente a liña costeira; efectivamente son moi abondosas as obras de transformación da morfoloxía natural para adaptalas ás necesidades humanas; abrigadoiros para as lanchas, rampas de acceso, muros de defensa e superficies de traballo, ancoradoiros, etc. Todas estas mostras da actividade humana correspondentes aos tempos pasados deberían ser protexidas, catalogadas, gardada memoria, hoxe en día que hai tantos medios materiais, conciencia e, de seguro, persoas amantes da súa terra, con ganas de botar unha man para preservar a memoria; homes e mulleres cheos de lembranzas e con tempo libre para adicalo a unha nobre e altruísta actividade, que a sociedade recoñecerá, sen dúbida, agradecida.

Canto lle poden quedar a esas chemineas, xa sen fume e frías dende hai un lote de anos? A quen lle vai importar que un bo día se derruben? Non desapareceu o piñeiro (ou a árbore que fora) que lle daba nome á encrucillada ao lugar coñecido como Pino de Val? E exactamente igual que as chemineas, os aserradoiros cheos de ferruxe, batidos pola invernía un ano tras doutro, a piques de desaparecer na noite do tempo que vai avanzando a toda présa e leva por diante o que lle parece innecesario, destruídos nas necesidades da especulación ou na incuria.

Eles pídenos que lles deamos unha nova oportunidade de seren útiles. Pero non o poden facer eles de seu; precisan da nosa colaboración; precisan que os rescatemos. De non facelo non só estaremos desprezando a quen nos quere, a quen estivo ao noso carón, a quen mudamente nos pide axuda; non: o peor é que nos esteamos desprezando a nós mesmos; estaremos tirando ao lixo unha parte da nosa vida colectiva, o noso pasado.

A sociedade civil outense xunto coas administracións, especialmente a municipal pero non só ela, ten coma obriga moral defender o patrimonio común xa que especialmente nela, reside a sensibilidade para denunciar as desfeitas que algúns realizan; nela reside a capacidade de mobilizar á opinión pública, á sociedade e aos poderes públicos para que non se destrúa o que resta dun pasado tristemente destinado a chatarra.

As veciñas e os veciños de Outes, e en xeral todas as persoas que defenden o patrimonio cultural común, deben xuntar os seus

esforzos por preservar alomenos algún elemento dos que comentamos anteriormente como ben cultural de todas as persoas interesadas en vincularse á súa terra mediante o respecto ao que vai quedando do pasado máis inmediato. Somos moitos os que agradeceremos cantos esforzos se fagan pola defensa e conservación destes elementos do patrimonio cultural arqueolóxico industrial do concello da Serra de Outes e prometemos aportar a nosa colaboración a esta altruísta finalidade. Pero Outes ten unha inmillorable oportunidade de aproveitar eses "naufraxios" culturais que chegaron ás súas beiras. É tempo de facelo, e moita sorte.

Alfonso González Asenjo



Cheminea do aserradoiro de Rates



Interior aserradoiro
preto de A Cepa

Santi Nieto e Ramón Blanco



►► I mos comezar este roteiro diante do Monumento erixido na honra do insigne escritor de Outes, o poeta Añón. Este recordo que inmortaliza a figura de Francisco Añón Paz, e tal como recollen as actas do Concello, solicitouse susbscrpción popular, así como tamén colaboración á Unión de Residentes de Outes en Bos Aires, quen aportou a maior cantidade, para custear a dita obra. Foi realizada polo escultor de Negreira D. Andrés Barbazán, e inaugurada o Día das Letras Galegas do 1966, ano que a Real Academia Galega dedicou ao noso literato. O conxunto consta de dúas figuras sentadas: unha feminina –que aparece fiando– e outra masculina –no lado oposto con boina e vara–. No centro, sobre pedestal, un busto en bronce de Añón completa o conxunto.

No ano 1968, a Unión de Residentes de Outes en Bos Aires auspiciada polo tamén escritor outense Domingos Sendón, organiza unha homenaxe e encarga unha placa que se engade ao monumento.


No centenario da súa morte, no 1978, outra vez a Unión de Residentes de Outes en Bos Aires, engade unha placa en recordo ao paramento do poeta.

►► Rúa “poeta Añón”, existen referencias nas actas municipais nas que aparece xa nomeada no ano 1933 como Rúa poeta Añón á rúa onde se atopa a casa natal do escritor de Boel.

►► IES poeta Añón, inaugurado o 11 de marzo do 1999, na mesma rúa. Iniciáronse os trámites para proposta do nome do devandito IES no consello escolar do 26 de abril do mesmo ano, comunicándoselle a aprobación, no consello escolar do 25 de outubro.

►► Casa natal do poeta de Boel, na aldea á que dá nome. Atópase actualmente en estado ruinoso. No 1924 a Unión de Residentes de Outes en Bos Aires, organiza unha homenaxe e coloca na súa fachada, unha placa recordando o ano de nacemento e morte do escritor e poeta.

►► Brañas de Boel; baixando dende a aldea, dirección sur pola marxe dereita do río Tines, atopamos un paseo fluvial, cunhas fermosas marxes e vexetación de ribeira, herbais e leiras.



¡Boél!

(...)

Y, sobre todo, Boél,
Son un continuo vergel
Con sus frondosos confines.
Por do quiera que examines
Este suelo encantador
Lleno de gracia y verdor,
Dirás, con placer profundo:
“No se encuentra en todo el mundo
Un rinconcito mejor”.

(...)

►► Muíño de Añón; na marxe da dereita e antes dunha ponte de recente construción que atravesa o río Tines, atópase este muíño fariñeiro.

Alma en pena

(...)

–Pero atendeme ben, has de esperarme
No moíño de tal –Preciso fouce?

(...)

Na edición dos poemas de Añón feita por Martínez Salazar (1889) aparece a variante “No muíño d’Añón” e dinos o editor: “Un molino propiedad de la familia del autor, situado en la margen del río Tines”.

►► Fonte de Añón. Nunha parede, na mesma marxe dereita do devandito paseo podemos atopar esta fonte de pedra dedicada ao poeta.

►► Libro homenaxe do Concello de Outes a Antón Avilés de Taramancos pola peza de teatro *Tres Capitáns de Tempos Idos*, escrita en 1983 para os rapaces e rapazas do Colexio Público da Serra de Outes. Este libro de bronce, atópase a carón do río sobre unha pedra e ao lado dunha cerdeira, pero na ribeira da outra banda, nos terreos da Casa da Cultura, na chamada “horta do muíño”.



*“Eu, chámome
Francisco Añón,
e nacín aquí
preto na aldea
de Boel. Á miña
nai Galiza
deixárona muda
hai trescentos
anos, pero eu*

*vou erguer a súa voz. Voulle devolver a
súa fala. Sei que vou pasar traballos,
desterros e prisións e quen sabe se non
terei que morrer de fame... Pero xa é
tempo de saír da escuridade. Adiante,
pois eu son o primeiro dos Precursores.
Despois de min han de vir tantos. Xa
estou soñando con Rosalía, Curros,
Pondal,... ¡que tempo tan plácido
chegará en que todos falen galego e
ninguén se avergoñe da súa nai!...”*



►► Capela do Rial; (antes Santa Tasia), durante moitos séculos foi a igrexa parroquial, da que era anexo a de Santo Ourense.



►► Monte Tremuzo, cunha altitude de 535 metros sobre o nivel do mar, ofrece unha das vistas panorámicas máis espectaculares de toda a ría, dende onde podemos contemplar toda a entrada da mesma.

Carta

En “Puente de Don Alonso Agosto 7 de 1868” aparece datada unha carta dirixida a Diego Campos, nela recóllese un fragmento do poema “Boél”.



►► Pontenafonso, de orixe baixo-medieval, constituíu o paso por excelencia, nas comunicacións da zona. O seu pasado medieval indícanolo os seus arcos de perfil oxival. Esta ponte sufriu múltiples transformacións, a última un ancheamento que lle eliminou o seu antigo peitoril de pedra. A ponte ten 270 metros de longo e 5 metros de ancho. Orixinariamente estaba formada por 27 arcos, dos que hoxe se conservan 20, e 2 baixo terra.

Recordos da infancia: A Feira



Mirando sen mirar, contemplando o que pasa, de repente, despois dun silencio que non adoita ser normal nestes tempos nos que o ruído vai ocupando o seu sitio, desprazando o silencio, algo interrompeu a miña mirada: uns mozs saían dos seus coches de marca que o tempo fixo que pasaran de moda, para deixar a outros da súa mesma familia toda a importancia que tiveron eles, como a vida mesma. Abriron as portas e empezaron a baixar do seu interior caixas de cartón e facían que soaran os paos deixándoos caer; volví a cabeza e mireinos, eran os feirantes que viñan ó mercado. Colocaron con grande axilidade tódalas súas cousas e, en menos do que canta un galo, voaban ó vento os panos e os fulares que con gracia estaban expostos para poder ser comprados.

A estes seguíronlles outros, entre eles o churreiro, que con gran rapidez montou o seu posto; o dos queixos e pan de broa (ou boroa), chourizos, etc. Cando me dei conta todo fora habilmente colocado, só era de esperar que a xente xenerosa comprara o que alí estaba. Foi

entón cando ían aparecendo persoas en grupo ou soas e a miña mente remontouse á nenez dos meus anos.

Recordo con cariño e nostalxia aquelas feiras e feiróns que me facían sentir tan feliz. “O afiador” chamábase Federico, colocábase coa súa roda ó lado da casa de *Cachete* e da do señor *Xesús do Coxo* (hoxe BBV). Soíame poñer ó seu lado, (ad)mirando a axilidade das súas mans movendo o fío do coitelo, o movemento acompañado da súa perna facendo xirar a roda e ese ruído que soía facer ó xirala. Federico repetía de vez en cando ¡o afiador!

Sempre me quedaba observándoo e el, de vez en cando, dicíame ¡ola nena!. El sabería que eu, en certo modo, admirábao, sentíndose no fondo como humano, contento de saber que o que o seu labor a unha nena lle gustaba.

Seguirei, se Deus o quere, redactando os meus recordos daqueles queridos anos.

Deolinda Gómez